

21/22



# PLAN DE CONTINXENCIA



Colexio Plurilingüe

JAIME BARMES



## ÍNDICE

1. Finalidade
2. Actuacións previas diante da aparición dun gromo
3. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial
4. Medidas para o reinicio da actividade lectiva
5. Anexo I: Horario docencia virtual para o caso de peche de aula, etapa ou centro.
6. Anexo II: Plan de actuación no caso de ensino virtual.
7. Anexo III: Plan específico para o alumnado vulnerable nun contexto de ensino non presencial.

## FINALIDADE

O Plan de Continxencia do centro educativo Jaime Balmes ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, nunha etapa educativa ou do centro.

## ACTUACIÓNS PREVIAS ANTE A APARICIÓN DUN GROMO

Considerarase como gromo calquera agrupación de 3 ou máis casos con infección activa nos que se establece un vínculo epidemiolóxico. Sempre que se detecten 3 casos ou máis no centro escolar nun período curto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e o último caso) realizarase unha valoración por parte das autoridades sanitarias (CSC) por se hai que levar a cabo unha actuación extraordinaria.

Segundo o protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte á Covid 19, consideraranse contactos estreitos se se produce cunha distancia menor de 2m, sen máscara e máis de 15 minutos.

### **Pautas de actuación:**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais:
  - Que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que así lle lo indique a Central de Seguimento de Contactos (segundo o protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2.
  - Tampouco asistirán ao centro aquelas persoas que se atopen en espera do resultado de PCR por sospeita clínica.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia:



- Levarase ao alumno/a ao espazo de illamento de uso individual (a enfermaría), colocaráselle unha máscara cirúrxica, tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado.
- Contactarase co responsable COVID do centro e coa familia, no caso de afectar a alumnado. Neste caso a familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
- De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbera dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse una máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
- Se coincidisen no tempo máis dun caso, os restantes casos agardarán acompañados por persoal do centro, na aula de illamento ubicada a carón da enfermaría, aula que conta coa mesma dotación EPI adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo debe seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso de coronavirus no centro tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as



afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro.

5. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno ou profesional) que se encontre á espera dun resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da Covid 19 nos últimos seis meses, non poden asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso.

6. O alumnado e persoal do centro que convivan cunha persoa positiva, serán considerados contactos estreitos (salvo que a CSC indique o contrario), mais, se están vacinadas ou pasaron a Covid nos últimos 6 meses, poderán acudir ao centro extremando as medidas de prevención. No caso contrario deberán absterse de asistir ao centro e esperar as indicacións da CSC.

7. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do mesmo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

8. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

9. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

10. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria.

11. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de



risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesor poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. A metodoloxía a seguir estará descrita detalladamente nos anexos ás programacións didácticas deste curso escolar 21-22.
2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

### Medidas de carácter hixiénico-sanitario

- a) Realización dunha desinfección completa da aula, edificio ou todo o centro se é necesario.
- b) Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- c) Manterase comunicación fluída cos afectados.

### Medidas de carácter pedagóxico



- a) Comunicación coas familias para informar do protocolo a seguir nas clases non presenciais en caso de peche de aula, etapa ou centro (horarios de clase virtual mentres dure a corentena, metodoloxía a seguir, avaliación das actividades, obrigatoriedade do alumnado de asistir e participar nas clases virtuais...)
- b) Valoración do funcionamento da aula virtual de Gsuite e a plataforma de comunicación coas familias Alexia.
- e) Constatación do alumnado que segue as clases virtuais con dificultades de conexión ou de equipamento.

## **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial:

1. Ante todo seguiranse as recomendacións das autoridades sanitarias.
2. Programarase a volta á actividade presencial en función de que sexa unha aula, un nivel ou o centro, por se pode realizarse un retorno da totalidade do alumnado (por exemplo, se é unha clase) ou por se cabe realizalo de xeito paulatino, segundo o número de alumnado e profesorado afectado.
3. Reforzarase a formación do alumnado na prevención e na importancia das medidas de distanciamento, uso de máscara e da hixiene de mans.